Manuel Rodríguez López
Hortal 54
Barcelona-16

Barcelona Novembro 1970

Sr. Dn. Celso Emilio Ferreiro

Caracas.

Moi apreciado Celso Emilio:

Un novo libro meu ten sido editado por "Celta" e quén mais merecente que Vde. dunha adicatoria? Coido que, inda que o libriño é cativo, o aceitará e acollerá; senón polo seu valer, si polo garimo con que llo adico.

Penso que pra Vde. será un celme verse recordado no seu desterro a carón de tanto "amado" e, tal foi o móbil que me decidiu a mandarllo, pra que vexa que, inda que lonxe, está presente na nosa lembranza e brila na nosa "longa noite" o seu pensamento e o seu cántico varil. Os froitos apálpanse mais que nunca. E síntense cancións de Celso. E a mocedá estudiantil fala galego. (En Lugo, onde estiven de vacacións iste ano, decateime desta verdade.)

Agradeceríalle novas de Vde. e dos seus proiectos na ascendente produción literaria sua, sempre ben recibida e que tanto fixo resurdir as nosas letras de cuia proba falan tan alto as edicións numerosas galego-castelás de "Longa Noite de Pedra" e "Viaxe

Reciba unha aperta garimosa do s.s.s.

M